AMOR

por Helen Bertels

FICHA ARTÍSTICA

Creación e interpretación: ..... Helen Bertels

Axudantes: ..... Gena Baamonde (dirección)
Nuria Sotelo (movemento)

Iluminación: ..... Laura Iturralde

Vestiario: ..... Vaello

Produción e distribución: ..... Helen Bertels, Manu Lago

Fotografía e deseño gráfico: ..... Martiño Picallo

Vídeo: ..... miramemira

Colaboran: ..... CDG, Festival ALT, A Regadeira de Adela

AMOR

Cal é a esencia da muller? Que fai que sexamos nós mesmas? Que sabemos do misterio que levamos dentro de nós?

O que quero compartir neste espectáculo son pinceladas dunha busca. A busca dese saber perdido a través de séculos e séculos de patriarcado que nalgunha parte agarda para axudarnos a redescubrirnos e vivir unha vida plena.

Tratarei de falar con portadoras deste saber dentro do meu proxecto *Agasállame un día da túa vida* do que AMOR é parte e no que visito a mulleres de todo tipo de procedencias xeográficas, culturais e sociais das que creo que poidan botar algo de luz á escuridade que parece que envolve esa cuestión. A partir da experiencia dese día compartido elaboro un retrato en palabras e imaxes que se materializará en traballos de artes plásticas, escénicas, literarias ou audiovisuais.

AMOR é un espectáculo en contínuo cambio que beberá da experiencia destes días agasallados e irase transformando e medrando a raíz das viaxes feitas para realizar as visitas ás mulleres.

Agasállame un día da túa vida e *AMOR* tiveron comezo no ano 2014 coa visita a Marina Alzugaray en Irún (Euskadi). Nese mesmo ano *AMOR* contou co acompañamento e apoio do ALT.procrea dentro do Festival ALT de Vigo.

AMOR
AGASÁLLAME
UN DÍA DA TUA VIDA
- POR HELEN E. BERTELS -

AMOR

a muller

A muller. O medo. O medo á muller. A violencia.

Como xorde a violencia? Por que alguén de súpeto se ve co dereito de influír na vida doutra persoa de xeito violento? Porque pode? Polo simple feito de crerse máis forte? Porque se sinte superior? Creo que hai que ir máis alá.

o medo

Por que nos teñen medo?

Por que nalgún intre decidiron non seguir respectando e valorando as capacidades femininas, certo poder feminino? Indaguen dentro dos seus corazóns! Por que? Non sabemos. Quizais non nos acordemos! Busquemos máis ao fondo, máis atrás, milenios atrás! Lembran ese medo á muller? Sínteno no seu corpo. Ese terror. Ese terror a algo... A que? Algo innato. Algo dun corpo ou dunha alma.

a violencia

sínteno

Por que a muller foi reprimida sistematicamente ou inconscientemente durante milenios, ata o día de hoxe? Que pasou? Cando comezou? Por que puido comezar? E por que seguimos igual?

O máis importante é facela pregunta axeitada.

a pregunta

Vostedes fanse preguntas? Realmente buscan ou iso déixanllo aos demais?

corazons

AMOR

AMOR

AMOR

Fotografías: Íñigo Rodríguez Román.

Fotografía: Yoshimura Ramon.

AMOR

por Helen Bertels

Helen E. Bertels

www.helenbertels.com
0034 666 72 92 19
helen@helenbertels.com

DIeR_012019